



CIRCULAR ÁS FAMILIAS

ASUNTO: CAMPAÑA DE LIMPEZA

Co fin de fomentar nos alumnos bos hábitos de conduta, deseñamos unha CAMPAÑA VOLUNTARIA DE LIMPEZA.

O alumnado baixará ao patio durante **unha única sesión de titoría no curso**, o que supón non perder horas de materias de estudo, para recoller os papeis que quedan espallados polo chan tras os recreos. Estarán sempre acompañados polo seu profesor.

Consideramos beneficiosa a campaña polos seguintes motivos:

- a) Os adolescentes fanse conscientes do esforzo que lles supón ás persoas recoller o que outros tiraron.
- b) Gozan dos beneficios dun centro limpo e coidado.
- c) Implícanse en tarefas que hai que facer de forma cooperativa e por un beneficio común.
- d) Créase neles o rexeitamento a actitudes que supoñan deterioro dos recintos común.
- e) Mellora a súa educación e, en definitiva, a súa maneira de convivir en situacións alleas ao instituto

Agora ben, é posible non estar de acordo con que o seu fillo participe na Campaña. Neste caso deberán comunicarllo ao titor. Estes alumnos permanecerán a esa hora na aula realizando tarefas propias de titoría en compañía dun profesor.

Agradecéndo-lles de antemán a súa colaboración, saúdalle atentamente

Carmen Rodríguez-Trelles Astruga

Culleredo 18-02-16

Directora